# 2ª SEMANA (23 – 27 de marzo)

Esta semana comezaremos o tema novo de galego (TEMA 9)

Traballaremos nas páxinas: 108, 109, 110, 111, 112 e 113.

As primeiras páxinas son sobre unha lectura comprensiva. As seguintes son de repaso dos substantivos singulares e plurais. E por último, exercicios sobre ortografía.

Deixo aquí a foto das solucións para que eles mesmos poidan correxilas.

## COMPRENDO O CONTO



**1** Lembra e responde.

- Que desexaba o xardineiro? Que acabase o inverno e chegase a primavera.
- Que lle podía pasar se a primavera non chegaba? Que perdería o traballo.
- Quen era a moza misteriosa que lle falou? A primavera.
- Que lle pediu esa moza? Pediulle que lle lese libros e lle fixese compaña no parque.

**2** Que explica este conto? Subliña.



- O motivo polo que florecen os campos na primavera.
- <u>O motivo polo que a xente le libros nos parques na primavera.</u>

**3** Cal era o libro favorito do xardineiro? Escribe.

O libro de contos que lle lía a avoa.

▶ Que conto lle lerías ti á Primavera? Escribe o título.

R.L.

**4** VOCABULARIO. Que quere dicir? Marca.

A Primavera **bisboulle** á orella.

- [X] Faloulle baixiño.
- [ ] Berroulle.

**Nun abrir e pechar de ollos** as plantas floreceron.

- [X] Rapidamente.
- [ ] Moito máis tarde.





**1** Clasifica estas palabras segundo corresponda.




- nomea un só elemento → niño
- nomea máis dun elemento → paxaros

### O número dos substantivos: singular e plural

Un **substantivo** está en **singular** cando nomea unha soa persoa, animal ou cousa; por exemplo, *banco*. Un **substantivo** está en **plural** cando nomea máis dunha persoa, animal ou cousa; por exemplo, *bancos*.

**2** Arrodea os substantivos que están en plural.

- andoriña
- (papeis)
- piñeiro
- chinés
- (tellados)
- (mans)
- rei
- balcón

**3** Substitúe os debuxos por palabras en singular e en plural, e escribe.

Unha [debuxo] de [debuxo] e unha [debuxo] de [debuxo].

Unha bolsa de limóns e unha caixa de galletas.

**4** Escribe o plural destes substantivos engadindo s ou es.

folla ▶ follas

flor ▶ flores

- mazá ▶ mazás
- ollo ▶ ollos
- botón ▶ botóns
- doutor ▶ doutores
- rapaz ▶ rapaces
- siamés ▶ siameses



## APRENDO A ESCRIBIR BEN

**1** Le e despois copia as palabras destacadas.



O frío do inverno xa se **foi**. O xardineiro está moi animado. **Vai** polo camiño asubiando e cantando:
–Benvido sexas, **maio**! Es o **rei** do ano!
Eu **saio** ledo da casa e ti floreces os campos!

Palabras con i. ▶ foi, vai, maio, rei, saio

### Palabras con i

Escríbense con **i** final as palabras que rematan en **-ei**, **-oi**, **-ai**: *lei*, *pai*, *convoi*... Tamén se escriben con **i** as palabras que rematan en **-aia**, **-aio**, **-oia**, **-oio**... como *saia*, *maio*, *xoia*, *croio*...

**2** Ordena as letras e escribe palabras con i.

| | | | |
|---|---|---|---|
| ERI | OBI | ERXEIS | RAPIA |
| rei | boi | xersei | praia |
| AISA | ARIO | OIXAS | OBIA |
| saia | raio | xoias | boia |





**3** Escribe dúas oracións con hai.



Na porta hai un felpudo.
No felpudo hai un gato.

**4** Volve escribir as oracións engadíndolles moi.

- O merlo é cantareiro. ▶ O merlo é moi cantareiro.
- As rosas olen ben. ▶ As rosas olen moi ben.

**5** Completa coa expresión axeitada.

Ai!

Oi!




**6** DITADO. Busca as palabras con i e fai o ditado no caderno.

**Moi xeitoso**

Roi foi co tío Eloi deica o arroio. Alí recolleu un croio moi puído á beira da auga. Vaino pintar e facer con el un calcapapeis. Que boa idea!

### MELLORO A MIÑA ORTOGRAFÍA

**7** Colorea a forma correcta.

Noia | Nolla

Paio | Pallo

Llago | lago

Excelente!